



Concello de O Incio

ANUNCIO APERTURA PRAZO DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO CONCELLO DE O INCIO

En atención ao disposto no Decreto da Alcaldía - Presidencia n.º 15/2017, de data 08/02/2017, procédese á apertura do prazo de solicitude de incorporación de vivendas ao Programa de Vivendas Baleiras, en atención ao Convenio subscrito entre o Concello de O Incio e o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do acceso á vivenda 2015 – 2020. O devandito prazo, atópase aberto, de xeito permanente, ata a finalización do Programa para facilitar a máxima participación posible.

As solicitudes para a incorporación de vivendas dirixiranse ao Concello e presentaranse, no modelo normalizado de solicitude que figura como ANEXO I das bases reguladoras do procedemento, nas oficinas de rexistro do Concello.

Segundo o establecido no artigo 4.4 das bases, xunto coas solicitudes, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a. NIF da persoa titular da vivenda, ou quen dispoña dun dereito xurídico para efectuar o contrato de arrendamento.
- b. Relación de persoas titulares da vivenda.
- c. Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas expedida polo Rexistro da Propiedade.
- d. Último recibo do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) da vivenda e, no seu caso, do rocho e/ou garaxe obxecto de arrendamento, ou certificación da referencia catastral. No seu defecto, referencia catastral do inmovible ao que pertenza a vivenda ou a solicitude de declaración catastral xunto coa documentación que permita a identificación da vivenda.
- e. Descrición das características da vivenda e inventario de electrodomésticos e, no seu caso, mobles dos que dispoña a vivenda.
- f. Declaración responsable de que non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou a súa titularidade.
- g. Declaración responsable de que a vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e que carece de limitacións por razón de legalidade urbanística; así como de que a vivenda está desocupada e susceptible de uso.
- h. Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz e gas.
- i. Declaración responsable do compromiso de poñer a disposición do Concello a vivenda durante tres anos, a contar dende a data de formalización do primeiro contrato, para o seu arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras. A permanencia no programa non se prolongará máis alá deste período de tres anos, por causa de sucesivos contratos de arrendamento.

Os modelos e as bases reguladoras do procedemento atopasen dispoñibles para a súa

Concello de O Incio



Concello de O Incio

descarga na sede electrónica do Concello de O Incio (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>) e na súa páxina web (<http://www.concellooincio.es/>).

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento.

En O Incio, na data da sinatura.

A ALCALDÍA – PRESIDENCIA

(Documento asinado dixitalmente á marxe)